

# Curso de inglés. Nivel A2

## **TIPO: Cuadrimestral**

**DURACIÓN:** 110 horas dividido en dous cuadrimestres de 55 horas de docencia cada un:

- 1º cuadrimestre (setembro-dецembro) – A2.1
- 2º cuadrimestre (xaneiro-maio) – A2.2

**LUGAR:** Campus de Vigo.

**EXAME:** realízase exame de nivel ao final do segundo cuadrimestre.

## **Obxectivos**

Adquirir coñecementos básicos de lingua inglesa. Dirixido a persoas con coñecementos básicos da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel A2 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.); cando sabe comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais; e cando sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu pasado e a súa contorna, así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

## **Como acceder**

O requisito para acceder ao curso de nivel A2 é que as/os solicitantes teñan coñecementos básicos de inglés, que debe ser acreditado aportando un certificado de nivel A1 (obtido nos últimos tres anos) ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos.

- Nivel básico 1 da Escola Oficial de Idiomas
- Certificado expedido polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo
- KET Cambridge

## **Certificados**

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

## **Prezos por cuadrimestre**

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260 €

## **Outros datos de interese**

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

\* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.